

PROGRAMA 6. “HABILIDADES SOCIAIS. ENTRENAMENTO PREVENTIVO”

XUSTIFICACIÓN

Para educar na paz é necesario crear novos espazos para a aprendizaxe e o exercicio da paz, a través dos que nenos e nenas e adolescentes cheguen a ser tratados e a tratarse con respecto, como toda persoa libre ten dereito a selo. Unha educación para a paz tería coma finalidade impulsar un cambio que substitúa a actual cultura de desigualdade e violencia por unha cultura de respecto polas diferencias e de paz. De ahí a necesidade dun programa de intervención para potenciar o desenvolvemento emocional e previr a violencia, para fomentar o desenvolvemento da personalidade integral, para o que se propón o desenvolvemento de coñecemento e habilidades sobre as emocións co obxecto de capacitar ao individuo para afrontar mellor os retos que se prantexan na vida cotiá, a fin de aumentar o seu benestar persoal e social.

POBOACIÓN OBXECTO

Este programa está dirixido ao alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria que cursen estudos en centros de ensino ordinarios e non ordinarios dos Concellos de A Cañiza, As Neves, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Gondomar, Nigrán, Pontearreas, Soutomaior, e Vigo.

MODELO TEÓRICO

O modelo ecolóxico de Bronfenbrenner, considera o desenvolvemento das nenas e nenos dentro do contexto dun sistema de relación que conforman o seu entorno. A teoría de Bronfenbrenner define complexos estratos do contexto, tendo cada un deles un efecto sobre o desenvolvemento de nenas e nenos. Esta teoría renombrouse “teoría de sistemas bioecolóxica”, para enfatizar que a bioloxía das nenas e nenos é o primeiro entorno que inflúe no seu desenvolvemento. A interacción entre factores na madurez biolóxica de nenas e nenos, o seu contexto inmediato familia-comunidade, e o panorama social xeneran e conducen ao seu desenvolvemento. Cambios ou conflitos nun estrato repercuten nos outros.

FINALIDADE, METAS E OBXECTIVOS

O programa ten coma obxectivos previr a violencia no ámbito educativo dotando a alumnas e alumnos de estratexias positivas de afrontamento da realidade e de resolución de conflitos.

Obxetivos xerais:

- Utilizar as aportacións da educación emocional para a prevención da violencia no ámbito educativo.
- Dotar de recursos ao alumnado para que sexa capaz de interpretar a realidade que lle rodea dende a perspectiva da educación emocional e

a non violencia.

- Xerar entre o alumnado estratexias de resolución de conflitos.
- Favorecer un mellor clima de aula a través do desenvolvemento de competencias emocionais no alumnado.
- Aplicar actividades de educación emocional no aula.

Obxectivos específicos:

- Adquirir un mellor coñecemento das propias emocións.
- Identificar as emocións dos demais.
- Desenvolver a habilidade de controlar as propias emocións.
- Previr os efectos perxudiciais das emocións negativas.
- Desenvolver a habilidade de xerar emocións positivas.
- Promover a habilidade de automotivarse.
- Adoptar unha actitude positiva ante a vida.
- Favorecer a tolerancia á frustración.
- Acadar unha maior competencia emocional nas relación sociais.

ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

O programa articúlase da seguinte maneira:

Primeiro, realízase unha campaña informativa co fin de pór en coñecemento a existencia destes obradoiros e os seus obxectivos. Os centros interesados poranse en contacto coa Asociación AMAINA, e manterase unha entrevista con cada un deles.

Nome actividade: **HABILIDADES SOCIAIS. ENTRENAMENTO PREVENTIVO**

Tipo Actividade: preventiva

A actividade consiste na impartición dun taller de habilidades sociais dirixido a alumnas/os de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, co seguinte contido:

1ª SESIÓN: Habilidades sociais básicas.

2ª SESIÓN: Entrenamento en asertividade. Expresión de emocións. Dicar non.

3ª SESIÓN: Entrenamento en prevención e resolución de conflitos.

CRONOGRAMA

Este programa de prevención desenvólvese dende o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2025. Os talleres de habilidades sociais desenvólvense ao longo de tres sesións dunha hora cada sesión, coa posibilidade de aumentar a súa duración en función da demanda dos centros.

EQUIPO QUE DESENVOLVERÁ A INTERVENCIÓN

Este programa levarase a cabo polas técnicas da Asociación AMAINA: psicóloga, titulada universitaria oficial de grado, e avogada con experiencia en prevención de trastornos adictivos.

RECURSOS MATERIAIS

Local, material funxible (folios, bolígrafos, subcarpetas...), internet, teléfono, impresora, ordenadores, cañón de diapositivas.

MATERIAL A UTILIZAR: Cuestionarios, unidades didácticas, cd's e dvd's.

AVALIACIÓN

Os indicadores xerais para avaliar a eficacia do programa serán:

- Grao de satisfacción do alumnado participante coas experiencias (de aprendizaxe) que propician as actividades do programa.
- Apreciación de cambios nas habilidades emocionais que son motivo de traballo no programa.
- Nº de centros de ensino ordinario e non ordinario nos que se impartiron os obradoiros.
- Nº de poboación beneficiaria directa do programa

Os instrumentos de avaliación específicos do programa serán:

- Un cuestionario xeral que se completará ao inicio do obradoiro, atendendo aos contidos do Programa de Habilidades Sociais: autocoñecemento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais, que permite obter unha visión sobre as habilidades emocionais do grupo e orienta na aplicación do programa en función da realidade do grupo.
- Unha serie de dinámicas grupais que se realizarán en cada obradoiro.
- Outro cuestionario xeral que se pasará ao final do obradoiro para avaliar os cambios nas respostas e coñecer as competencias adquiridas polo alumnado.

Ademáis dos cuestionarios, exercicios, dinámicas, etc., o seguimento continuo do alumnado, así como a participación activa do mesmo, serán os instrumentos máis fiables.

De cara ao traballo integral con perspectiva de xénero, realizaranse sesión específicas sobre o tema anteriores ás sesións correspondentes ao programa, intervencións diferenciais, con materiais revisados e metodoloxía adecuada, e utilizarase unha linguaxe inclusiva.